

NOTIFICACION DE ACLARACION INFORMACIÓN DE CUESTIONS ACADÉMICAS, PERSOAIS DO ALUMNADO.

Centro: ceip terra cha

Procedemento de comunicación de cuestións académicas e persoais do alumnado. A orde sería seguinte:

- 1. A familia debe comunicalo obrigatoriamente a persoa titor/a.*
- 2. O titor/a valorará a cuestión, e dará traslado o servizo de orientación do centro si o considera oportuno*
- 3. O departamento de orientación comunicará as familias as medidas de actuación en función do caso concreto de cada alumno.*

Este procedemento está recollido nas NOF do centro e abalado de acordo a seguinte normativa:

ORDE do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Artigo 2. Normas de organización e funcionamento

1. As normas de organización e funcionamento dos centros docentes conterán as disposicións que garantan e faciliten a comunicación entre o alumnado, as familias, as persoas docentes titoras, o resto do profesorado e os órganos de coordinación didáctica, coa finalidade de atender as incidencias que poidan xurdir ao longo do curso académico no proceso de valoración e avaliación da aprendizaxe de cada alumno e alumna.

2. En todo caso, as normas de organización e funcionamento nos centros públicos deberán regular o procedemento, os prazos e a actuación dos órganos que interveñen no proceso de reclamación de cualificacións e de decisións de promoción e titulación, para garantir o dereito do alumnado a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 42. Participación e colaboración das familias.

1. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos do alumnado.

2. Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. Nos documentos de organización, xestión e funcionamento do centro deberán recollese actuacións destinadas a esta finalidade.

ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 87. A participación e a colaboración das familias

1. Corresponde a cada centro docente promover a participación das familias na vida do propio centro, así como establecer os espazos e os modos desa participación. Estes aspectos concretaranse, cando menos, nas normas de organización, funcionamento e convivencia. Esa participación esténdese tanto ás familias consideradas de xeito individual como á organización que poidan ter, como asociacións de nais e pais do alumnado.
2. É un deber das nais, dos pais ou das persoas titoras legais compartir o esforzo educativo, colaborando co centro docente, en xeral, e co profesorado, en particular, en todo o que teña que ver coa educación das súas fillas e dos seus fillos. En especial, deberán colaborar nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, do esforzo, da autoestima e da convivencia. Igualmente, colaborarán nos procesos da avaliación inicial do alumnado e, de ser o caso, das avaliacións psicopedagóxicas, nos termos que establezan, respectivamente, os equipos docentes e a xefatura do departamento de orientación.
3. Considérase a función titorial do profesorado como o aspecto con maior potencial para a integración das familias na práctica educativa. En consecuencia, os centros docentes deben promover as medidas que corresponda para que as nais, os pais ou as persoas titoras legais reciban información e asesoramento sobre o seu labor educativo, sobre a comunicación co profesorado e sobre a súa participación na vida do centro.

Asdo.

José Manuel López Barrio.

En Román a 14 de xuño de 2022.